

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### BANCO DE ESPAÑA

**15599** *Circular 8/2012, do 21 de decembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre bases de datos de activos transferibles ás sociedades previstas no capítulo II da Lei 8/2012, do 30 de outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro.*

A Lei 8/2012, do 30 de outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, dispón no seu artigo 3 que as entidades de crédito deberán achegar os activos adjudicados ou recibidos en pagamento de débedas a que se refire o artigo 1.1 do Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, de saneamento do sector financeiro, a unha sociedade para a xestión dos ditos activos. Así mesmo, no seu artigo 6 dispón que as entidades de crédito deberán contar con bases de datos coa información necesaria para a xestión dos activos que deben achegar ás ditas sociedades e que corresponde ao Banco de España determinar os requisitos que deben cumprir estas bases de datos.

Pola súa parte, o Real decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos, dispón no seu artigo 48.2 que as entidades obrigadas conforme a disposición adicional novena da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, xunto cos activos que deban transferir á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb), deberán transmitir bases de datos coa información necesaria para a súa xestión. Estas bases de datos deberán cumprir os requisitos que o Banco de España establece para as previstas no artigo 6 da Lei 8/2012, antes citada.

Para dar cumprimento a aquel mandado, o Banco de España non soamente tivo en conta a súa experiencia supervisora, que lle permitiu tomar referencias de mellores prácticas na materia, senón que, ademais das suxestións recibidas das asociacións de entidades de crédito, analizou as mellores prácticas observadas por expertos na xestión de activos. Ademais, en particular no que se refire aos activos inmobiliarios, tivo presentes o alcance e a natureza da información que as sociedades de taxación facilitan ás entidades de crédito nos seus informes de valoración.

Así pois, na circular establécese primeiramente o contido das bases de datos obxecto daquela, que abrangue tanto o correspondente a activos inmobiliarios como o oportuno para os financiamentos. Dado que é posible que as entidades obrigadas acheguen activos de distinta natureza, a presente circular tamén aborda a posibilidade de que as bases de datos que se deben transmitir ás sociedades de xestión de activos adapten o seu deseño á natureza dos activos que se transfiren e que, posto que a circular non establece exhaustivamente contidos para toda clase de activos potencialmente transferibles, ao menos se tomen como referencias para o deseño as estruturas de contidos incluídos nela, consultando previamente co Banco de España a adecuación do deseño.

Adicionalmente, a circular proporciona indicacións para asegurar a compatibilidade do soporte tecnolóxico das bases de datos cos sistemas de xestión que teñan ou vaian ter as sociedades para a xestión de activos, así como para o caso de que varias entidades acheguen activos a unha mesma sociedade.

En consecuencia, en uso das facultades que ten concedidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva, e de acordo co Consello de Estado, aprobou a presente circular, que contén as seguintes normas:

Norma única.

1. As entidades de crédito que, por si mesmas ou por medio das súas filiais, acheguen activos ás sociedades a que se refire o capítulo II da Lei 8/2012, do 30 de

outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, deberán contar con bases de datos sobre aqueles activos, co contido que, segundo a súa natureza, se detalla no anexo da presente circular.

Iguamente, e de conformidade co disposto no artigo 48.2 do Real decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos, aquelas entidades que deban achegar activos á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb) deberán axustar o contido das bases de datos dos ditos activos ao previsto na presente circular.

En caso de que, pola natureza dos activos que se acheguen ás ditas sociedades, as informacións sobre aqueles non se poidan axustar aos contidos establecidos no anexo, as entidades deseñarán as bases de datos necesarias tomando como referencia as estruturas recollidas no dito anexo e consultarán previamente co Banco de España a adecuación das estruturas deseñadas.

Para os efectos deste número, o deseño das bases de datos deberá prever a agrupación dos activos polas súas distintas clases, de maneira que se poidan transferir facilmente ás distintas sociedades que se poidan crear para a xestión de clases homoxéneas de activos.

2. As bases de datos a que se refire o número anterior deberán poderse transferir nun soporte tecnolóxico compatible cos sistemas de xestión das sociedades para a xestión de activos antes citadas.

En caso de que varias entidades de crédito, por si mesmas ou por medio das súas filiais, acheguen activos a unha mesma sociedade para a xestión de activos, deberán convir previamente no soporte tecnolóxico das bases de datos que deban transferir a esa sociedade e evitar a proliferación de formatos ou soportes distintos.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de decembro de 2012.–O gobernador do Banco de España, Luis María Linde de Castro.

## ANEXO

### 1. Datos de inmuebles

#### A) *Relativos á cesión dos activos*

Código da entidade cedente (ver G.11).  
Código do grupo económico da entidade cedente (ver G.11).  
Código do activo na entidade cedente.  
Data de cesión.  
Data de adxudicación.  
Valor contable bruto do activo na data de cesión.  
Correccións de valor por deterioración na data de cesión.  
Valor de transmisión.  
Valor de transmisión (neto).  
Forma xurídica en que se instrumenta a cesión.

#### B) *Identificación do inmueble*

Código do activo.  
Tipo de activo.  
Localización do inmueble.

- País.
- Provincia.
- Municipio.
- Poboación.
- Tipo de vía.
- Nome da vía.
- Número da vía.
- Bloque ou portal.
- Andar.
- Porta.
- Código postal.

Inmueble integrado por varios predios (ver G.8).  
Identificador único de predio rexistral (Idufir).  
Identificador rexistral.

- Provincia e municipio do rexistro.
- Número do rexistro.
- Tomo.
- Libro.
- Predio rexistral.

Referencia catastral.  
Xeolocalización.

#### C) *Características do inmueble*

Data dos datos.  
Fonte dos datos (ver G.11).

##### C.1) Para todo tipo de inmuebles

Contaminación aparente relevante para efectos de valoración.

- Terreo.
- Construción.

- Acústica.
- Ambiental.
- Outras.

Conserxe/porteiro/seguranza privada.  
Inmoble con características singulares.

## C.2) Específicas segundo o tipo de inmoble

### **Edificios e elementos de edificios.**

Situación relativa no municipio.  
Situación relativa no barrio ou zona.  
Situación relativa no inmoble.  
Superficie construída con elementos comúns (m<sup>2</sup>).  
Superficie construída (m<sup>2</sup>).  
Superficie útil (m<sup>2</sup>).  
Data de construción.  
Data da última rehabilitación integral.  
Estado da construción (ver G.9).  
Licenza.  
Uso polivalente.  
Calidade da construción.  
Estado de conservación.  
Número de plantas sobre rasante do edificio.  
Código da promoción inmobiliaria (ver G.10).

### **Vivendas.**

Tipo de vivenda.  
Número de ascensores no bloque.  
Número de cuartos de durmir.  
Número de baños.  
Exterior/interior.  
Orientación.  
Superficie de terraza (m<sup>2</sup>).  
Terraza tendal.  
Cociña equipada.  
Armarios encastrados.  
Porta de seguranza.  
Sistema de alarma.  
Circuíto cerrado de seguranza.  
Auga quente.  
Combustible da auga quente.  
Tipo de calefacción.  
Aire acondicionado.  
Instalacións comúns.

- Zona verde (m<sup>2</sup>).
- Piscina.
- Tenis/pádel.
- Outras instalacións deportivas.

### **Locais comerciais.**

Fronte (m).  
Fondo (m).  
Altura (m).

Divisibilidade.  
Superficie en entresollado (m<sup>2</sup>).  
Superficie en planta soto (m<sup>2</sup>).  
Tipo de rúa.

### **Oficinas.**

Tipo de edificación.  
Solo técnico ou falso teito para instalacións.  
Divisibilidade.

### **Hoteis.**

Categoría.  
Tipo de destino.  
Instalacións.

- Salas de convencións/reunións.
- Restaurante.
- Instalacións deportivas.

### **Naves industriais.**

Altura libre (m).  
Espazo diáfano.  
Luz estándar de estrutura (m).  
Instalacións.  
Sotos.  
Situación.

### **Solo urbano e urbanizable.**

Tipo de solo.  
Desenvolvemento do planeamento.  
Sistema de xestión.  
Fase de xestión.  
Paralización da urbanización.  
Porcentaxe de urbanización executada (%).  
Porcentaxe de ámbito valorado (%).  
Proximidade respecto do núcleo urbano.  
Proxecto de obra.  
Superficie do terreo (m<sup>2</sup>).

### **Predios rústicos.**

Superficie total (ha e a).  
Superficie de cultivos de secaño (ha e a).  
Superficie de cultivos de regadío (ha e a).  
Superficie doutros usos agrícolas (ha e a).  
Superficie de usos gandeiros (ha e a).  
Superficie construída de vivendas (m<sup>2</sup>).  
Superficie construída destinada a usos agropecuarios (m<sup>2</sup>).  
Auga de regadío legalizada.  
Enerxía eléctrica.  
Acceso a infraestruturas viarias.  
Uso actual do solo.  
Aproveitamento esperado.

## Edificios e solo urbano e urbanizable:

1) Aproveitamento (unidades segundo uso).  
Residencial (viviendas protexidas).  
Residencial (viviendas libres de primeira residencia).  
Residencial (viviendas libres de segunda residencia).  
Oficinas.  
Locais comerciais.  
Uso industrial.  
Uso hoteleiro (número de cuartos).  
Prazas de garaxe.  
Rochos.  
Outros usos.

2) Aproveitamento [superficie segundo uso (m<sup>2</sup>)].

Residencial (viviendas protexidas).  
Residencial (viviendas libres de primeira residencia).  
Residencial (viviendas libres de segunda residencia).  
Oficinas.  
Locais comerciais.  
Uso industrial.  
Uso hoteleiro.  
Prazas de garaxe.  
Rochos.  
Zona verde e instalacións deportivas.  
Dotacional.  
Outros usos.

## D) Valoración

### Última taxación completa.

Data da última taxación.  
Sociedade de taxación/valoración (ver G.11).  
Número de taxación.  
Axustada á Orde ECO/805/2003.  
Método de valoración (valor).  
Condicionantes.  
Advertencias.  
Visita.  
Tipo de datos utilizados de inmobles comparables.  
Método residual dinámico.

- Tipo de actualización.
- Taxa anual media de variación do prezo de mercado do activo.
- Prazo máximo para finalizar a construción.
- Prazo máximo para finalizar a comercialización.

Método residual estático: marxe de beneficio do promotor.  
Valor de taxación.  
Valor hipotecario.  
Valor en hipótese de edificio terminado.  
Valor do terreo.  
Valor para efectos do seguro.

**Última taxación por modelos automáticos de valoración.**

Data da última taxación.  
Sociedade de taxación/valoración (ver G.11).  
Número de taxación.  
Valor de taxación.

**Outras valoración.**

Valor contable bruto.  
Correccións de valor por deterioración de activos.  
Valor do terreo axustado.  
Valor catastral actual.

*E) Situación e xestión***Propiedade.**

Porcentaxe do inmovible propiedade da entidade (%) (ver G.1).  
Cargas do inmovible (ver G.6).  
Importes pendentes de pagamento a terceiros (ver G.5).

**Dispoñibilidade para a venda.**

Inmovible ocupado.  
Inmovible alugado (ver G.2).  
Licenza de actividade.  
Actividade económica desenvolvida no inmovible.  
Condicionantes xudiciais (ver G.7).  
Inmovible dispoñible para a venda.  
Inmovible con compromiso de venda (ver G.3).  
Código que vincula activos cuxa venda se xestiona conxuntamente.  
Data de estimación do prezo de venda.  
Prezo bruto de venda.  
Prezo bruto unitario €/m<sup>2</sup>.  
Prezo neto de venda.  
Validación externa do prezo de venda.  
Validador/valorador externo (ver G.11).

**Mantemento.**

Xestor externo do inmovible.  
Código do xestor externo (ver G.11).  
Seguro (ver G.4).  
Custos de mantemento (anuais).

- Seguro.
- Gastos de comunidade.
- Impostos.
- Xestor.
- Outros gastos.

**Inmobles en alugamento.**

Superficie bruta alugable (SBA).  
Porcentaxe de ocupación sobre SBA (%).  
Número de unidades alugadas.

- Residencial (vivendas).
- Oficinas.

- Locais comerciais.
- Uso industrial.
- Uso hoteleiro (cuartos).
- Prazas de garaxe.
- Rochos.
- Outros usos.

**Hoteis.**

Cadea hoteleira.  
Porcentaxe media de ocupación anual (%).  
Ingresos brutos anuais por cuarto dispoñible.  
Número de cuartos dispoñibles.

**Naves industriais.**

Polígono industrial: porcentaxe de ocupación actual (%).

*F) Vínculos con documentos xustificativos*

Último informe de taxación completa.  
Último informe de taxación por modelos de valoración automática.  
Último informe de grao de avance estimado.  
Outros documentos xustificativos.

*G) Datos adicionais**G.1) Copropietarios*

Código do activo.  
Código de identificación do copropietario.  
Porcentaxe do inmovible propiedade do copropietario (%).

*G.2) Contratos de arrendamento*

Código do activo.  
Código de identificación do arrendatario.  
Datos dos contratos.

- Identificador da unidade alugada.
- Data de inicio do contrato de alugamento.
- Data de vencemento do contrato de alugamento.
- Opción de renovación do contrato de alugamento (si/non).
- Opción de compra (si/non).
- Alugamento anual. Importe bruto.
- Fianza recibida. Importe.
- Cantidades recibidas á conta. Importe.
- Custos imputables aos inquilinos. Importe.
- Importes do alugamento vencidos pendentos de cobramento.

*G.3) Compromisos de venda*

Código do activo.  
Código de identificación do comprador.  
Data do contrato privado.  
Prezo comprometido de compravenda.  
Importe do sinal recibido.



## G.4) Contratos de seguro

### **Inmobles cubertos pola póliza.**

Código do activo.  
Número de póliza.

### **Datos da póliza.**

Número de póliza.  
Código de identificación do asegurador.  
Riscos cubertos.  
Importe total cuberto pola póliza.  
Importe anual da prima.

## G.5) Acredores

Código do activo.  
Código de identificación do acredor.  
Concepto.  
Importe pendente de pagamento.

## G.6) Cargas

Código do activo.  
Código de identificación da persoa a favor da cal existe a carga.  
Concepto.  
Importe da carga que soporta o inmovible.

## G.7) Trámites legais

Código do activo.  
Data do trámite.  
Tipo de trámite legal.  
Xulgado.

## G.8) Identificación de predios integrantes do inmovible

Código do activo.  
Identificador único de predio rexistral (Idufir).  
Identificador rexistral.

- Provincia e municipio do rexistro.
- Número do rexistro.
- Tomo.
- Libro.
- Predio rexistral.

Referencia catastral.

## G.9) Edificios en construción

Código do activo/promoción inmobiliaria.  
Porcentaxe construída (%).  
Data do último grao de avance estimado.  
Sociedade de taxación/valoración que estimou o grao de avance.  
Certificación de obra asinada.  
Data estimada para terminar a obra.

Custo de adquisición do solo.  
Gastos de desenvolvemento.  
Custo estimado para terminar a obra.

## G.10) Promocións inmobiliarias

Código da promoción inmobiliaria.  
Año de comezo da comercialización.  
Porcentaxe de vendas formalizadas (%).

## G.11) Datos persoais

Código de identificación persoal.  
Nome.  
Domicilio.

- País.
- Provincia.
- Concello.
- Poboación.
- Tipo de vía.
- Nome da vía.
- Número da vía.
- Bloque ou portal.
- Planta.
- Porta.
- Código postal.

Teléfono.

## Instrucións para completar a base de datos de inmobles

<b>A) RELATIVOS Á CESIÓN DOS ACTIVOS</b>	
<b>Código da entidade cedente</b>	Código de identificación fiscal da entidade que cede o activo á sociedade de xestión de activos.
<b>Código do grupo económico da entidade cedente</b>	Código de identificación fiscal da entidade dominante da entidade que cede o activo á sociedade de xestión de activos.
<b>Código do activo na entidade cedente</b>	Código utilizado pola entidade cedente para identificar internamente o activo que cede á sociedade de xestión de activos.
<b>Data de cesión</b>	Data en que a entidade cedente cede o inmueble á sociedade de xestión de activos.
<b>Data de adxudicación</b>	Data en que a entidade cedente se adxudicou ou recibiu en pagamento de débedas o activo.
<b>Valor contable bruto do activo na data de cesión</b>	Importe do valor contable polo que figuraba rexistrado o activo nos libros da entidade cedente na data de cesión á sociedade de xestión de activos antes de deducir as correccións de valor por deterioración que realizase para a súa cobertura.
<b>Correccións de valor por deterioración na data de cesión</b>	Importe das correccións de valor por deterioración do inmueble constituídas pola entidade cedente con posterioridade á súa adquisición e até a data da cesión á sociedade xestora de activos.
<b>Valor de transmisión</b>	Importe polo que se cede o activo á sociedade de xestión de activos.
<b>Valor de transmisión (neto)</b>	Importe do valor de transmisión neto dos custos que asumise a entidade cedente na cesión.
<b>Forma xurídica en que se instrumenta a cesión</b>	Forma ou instrumento xurídico polo cal se materializa a cesión do activo á sociedade de xestión de activos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Escritura de compravenda</li> <li>- Achega non pecuniaría ao capital</li> </ul>
<b>B) IDENTIFICACIÓN DO INMOBLE</b>	
<b>Código do activo</b>	Código que identifica o inmueble nos módulos B) a F) da base de datos da sociedade de xestión de activos. Este código debe ser único para cada predio rexistral.  Non obstante, para os edificios integrados por varios elementos para os cales non se fixese a división horizontal ou se careza de información detallada das unidades que o integran, asignarase un único código ao inmueble. Tamén se asignará un único código para os terreos que se xestionen como unha unidade, con independencia de que estean integrados por varios predios rexistrais ou catastrais.

Tipo de activo	Tipo de inmoble:
	<p>a) Edificios e elementos de edificios</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vivenda               <ul style="list-style-type: none"> <li>o Protexida</li> <li>o Libre de primeira residencia</li> <li>o Libre de segunda residencia</li> </ul> </li> <li>- Oficina</li> <li>- Local comercial</li> <li>- Praza de garaxe</li> <li>- Rocho</li> <li>- Nave industrial</li> <li>- Hotel</li> <li>- Residencias de estudantes e da terceira idade</li> <li>- Resto de edificios</li> </ul> <p>b) Outras edificacións</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Outras edificacións</li> </ul> <p>c) Terreos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Solo urbano ou urbanizable</li> <li>- Predio rústico</li> <li>- Resto de terreos</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vivenda: vivendas familiares ou que formen parte dun edificio composto por máis unidades, así como as súas prazas de garaxe e rochos cando estes non teñan un identificador rexistral diferente do da vivenda.</li> <li>- Oficinas, locais comerciais, prazas de garaxe e rochos: elementos de edificios desta natureza que se inclúen de forma individualizada na base de datos.</li> <li>- Naves industriais, hotéis e residencias de estudantes ou da terceira idade: edificios destinados exclusivamente a este tipo de actividades.</li> <li>- Resto de edificios: edificios diferentes das naves industriais e hotéis que se inclúen na base de datos sen desagregar os elementos ou unidades que os integran porque non se produciu a súa división horizontal ou se carece de información detallada das súas unidades.</li> <li>- Outros edificios: edificacións que non sexan edificios ou elementos de edificios (por exemplo, amarres).</li> <li>- Solo urbano ou urbanizable: solo clasificado urbanisticamente como urbano ou urbanizable.</li> <li>- Predios rústicos: solo non urbano nin urbanizable autorizado para actividades de natureza agrícola, forestal, gandeira ou outros usos compatibles, con independencia de se está ou non en explotación.</li> <li>- Resto de terreos: distintos de predios rústicos e solo urbano ou urbanizable, tales como canteiras, minas, etc.</li> </ul> <p>Os inmobles clasificaranse como edificios ou elementos de edificios desde o momento en que se inicie a súa construción, aínda que con posterioridade esta se paralice; mentres non se inicie efectivamente a construción dos edificios, os inmobles clasificaranse como terreos aínda que se dispoña dun proxecto para edificar sobre eles.</p>

<b>Inmable integrado por varios predios</b>	Indica se o inmable está integrado por varios predios rexistrados ou catastrais:  - Si - Non  Cando o inmable estea integrado por dous ou máis predios rexistrados ou catastrais, relacionarase o código interno do activo con cada un dos identificadores rexistrados e catastrais no módulo de datos G.8) identificación de predios integrantes do inmable. Se o activo ten un único identificador, indicarse este nas seguintes dimensións.
<b>Identificador único de predio rexistral (IDUFIR)</b>	Número de catorce díxitos asignado ao predio no rexistro da propiedade (sempre que estea dispoñible).
<b>Identificador rexistral</b>	Identificador do inmable no rexistro da propiedade composto por códigos do Instituto Nacional de Estatística da provincia e do municipio do rexistro, número do rexistro, tomo, libro e número de predio rexistral. Os datos serán os correspondentes á última inscrición do predio de que dispoña a entidade.  Esta dimensión só será necesario completala cando non se dispoña do identificador único de predio rexistral.
<b>Referencia catastral</b>	Referencia catastral do predio.
<b>Xeolocalización</b>	Posicionamento xeográfico SRS ( <i>Spatial Reference System</i> ) do inmable, segundo nomenclatura definida en <a href="http://www.epsg.org">www.epsg.org</a> co código CRS: 4326 (WGS84), sempre que estea dispoñible.
<b>C) CARACTERÍSTICAS DO INMABLE</b>	
<b>Data dos datos</b>	Data da última actualización dos datos incluídos nos módulos C.1 e C.2.
<b>Fonte dos datos</b>	Código da entidade que facilitou a maioría dos datos incluídos nos módulos C.1 e C.2.
<b>C.1) PARA TODO TIPO DE INMABLES</b>	
<b>Contaminación aparente relevante para efectos de valoración</b>	Indica se aparentemente existe unha contaminación que poida ser relevante para efectos da valoración do inmable. A valoración da contaminación efectuarase de forma independente segundo afecte os seguintes aspectos: terreo, construción, acústica, ambiental e outros. Os valores para cada un deles son:  - Si - Non
<b>Conserve/porteiro/seguraza privada</b>	Indica se o inmable conta con conserve, porteiro ou servizo de seguraza privada:  - Si - Non
<b>Inmable con características singulares</b>	Indica se o inmable está catalogado como ben de interese cultural ou está suxeito a protección integral dentro dun plan especial:  - Si - Non

<b>C.2) ESPECÍFICAS SEGUNDO O TIPO DE INMOBLE</b>	
<b>EDIFICIOS E ELEMENTOS DE EDIFICIOS:</b> Esta información facilitarase para todos os activos que na dimensión tipo de activo figuren con caquera dos valores correspondentes a edificios ou elementos de edificios.	
<b>Situación relativa no municipio</b>	Situación do barrio ou zona en que se sitúa o inmoble en comparación con outros inmobles do mesmo municipio: - Por riba do nivel medio - Nivel medio - Por baixo do nivel medio
<b>Situación relativa no barrio ou zona</b>	Situación que ten o inmoble dentro do barrio ou zona do municipio en comparación con outros inmobles do mesmo barrio ou zona: - Por riba do nivel medio - Nivel medio - Por baixo do nivel medio
<b>Situación relativa no inmoble</b>	Para os elementos de edificios, localización que ten o inmoble dentro do edificio de que forme parte en comparación con outros elementos do mesmo edificio: - Por riba do nivel medio - Nivel medio - Por baixo do nivel medio
<b>Superficie construída con elementos comúns (m<sup>2</sup>)</b>	Superficie construída imputando elementos comúns do activo en metros cadrados (segundo se detalla no artigo 4 da Orde ECO/805/2003).
<b>Superficie construída (m<sup>2</sup>)</b>	Superficie construída sen imputar elementos comúns do activo en metros cadrados (segundo se detalla no artigo 4 da Orde ECO/805/2003).
<b>Superficie útil (m<sup>2</sup>)</b>	Superficie útil do activo en metros cadrados (segundo se detalla no artigo 4 da Orde ECO/805/2003).
<b>Data de construción</b>	Para os edificios terminados, data en que se terminou de construír o edificio. Para os edificios en construción, data en que se iniciaron as obras.
<b>Data da última rehabilitación integral</b>	Para os edificios terminados, data en que, se for o caso, se terminou a rehabilitación integral do edificio. Para os edificios en rehabilitación integral, data en que se iniciaron as obras.

<p><b>Estado da construción</b></p>	<p>Indica se o edificio ou o elemento de edificio está:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terminado</li> <li>- En construción. Obra en marcha</li> <li>- En construción. Obra parada</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terminado: o edificio está finalizado.</li> <li>- En construción. Obra en marcha: o edificio non está terminado e a obra non se paralizou. Inclúe os edificios en proceso de rehabilitación.</li> <li>- En construción. Obra parada: o edificio non está terminado e a obra paralizouse. Inclúe os edificios en proceso de rehabilitación.</li> </ul> <p>A clasificación anterior realizarase con independencia de que o inmoble conte con cédula de habitabilidade, licenza de funcionamento ou licenza de obra.</p> <p>Para os edificios en construción indícarase a información que figura no módulo G.9) Edificios en construción.</p> <p>Para as vivendas terminadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Con cédula de habitabilidade ou licenza de primeira ocupación</li> <li>- Sen cédula de habitabilidade ou licenza de primeira ocupación</li> <li>- Sen licenza de obra</li> </ul> <p>Para o resto de edificios terminados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Con licenza de funcionamento</li> <li>- Sen licenza de funcionamento</li> <li>- Sen licenza de obra</li> </ul> <p>Para os edificios en construción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Con licenza de obra non caducada</li> <li>- Con licenza de obra caducada</li> <li>- Sen licenza de obra</li> </ul>
<p><b>Licenza</b></p>	<p>Indica se o edificio ou o elemento de edificio está:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si</li> <li>- Non</li> </ul> <p>Cando o edificio teña un uso mixto, clasificarase no valor que constitúa o uso predominante.</p>
<p><b>Uso polivalente</b></p>	<p>Indica se o inmoble é susceptible de uso polivalente porque non incorpora características ou elementos construtivos ou normativos que limiten ou dificulten o seu uso para diferentes actividades, sen grandes transformacións ou cambios, o que pode facilitar a súa realización en efectivo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si</li> <li>- Non</li> </ul> <p>Cando o edificio teña un uso mixto, clasificarase no valor que constitúa o uso predominante.</p>

<b>Calidade da construción</b>	<p>Calidade da construción do activo concreto ou do edificio de que forme parte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Moi alta</li> <li>- Alta</li> <li>- Media</li> <li>- Baixa</li> </ul>
<b>Estado de conservación</b>	<p>Estado de conservación do activo concreto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Bo</li> <li>- Regular</li> <li>- Malo</li> </ul>
<b>Número de andares sobre rasante do edificio</b>	Número total de andares do edificio incluído na base de datos ou do edificio de que forme parte o elemento a que se refiran os datos.
<b>Código da promoción inmobiliaria</b>	<p>Para os edificios e elementos de edificios que formen parte da mesma promoción inmobiliaria, código da promoción inmobiliaria de que forme parte o activo. Este código será único para cada promoción inmobiliaria e indicarse en todos os activos que formen parte da mesma promoción.</p> <p>Cando o inmovible non forme parte dunha promoción inmobiliaria, deixarse esta dimensión en branco.</p> <p>Para as promocións inmobiliarias, indicarse a información que se inclúe no módulo G.10) Promocións inmobiliarias.</p>
<b>VIVENDAS:</b>	Esta información facilitarase para as vivendas encastradas, armarios encastrados, porta de seguraza, sistema de alarma, circuito cerrado de seguraza, auga quente, aire acondicionado e instalacións comúns indicándose "si" ou "non".
<b>Tipo de vivenda</b>	<p>Tipo de vivenda:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Unifamiliar illada</li> <li>- Unifamiliar acaroada</li> <li>- Unifamiliar acaroada ou en fileira</li> <li>- Elemento dun edificio</li> </ul> <p>Indica se a vivenda dá para o:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Exterior</li> <li>- Interior</li> </ul>
<b>Exterior/interior</b>	
<b>Orientación</b>	<p>Indica o efecto da orientación da vivenda na súa valoración:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aumenta o valor</li> <li>- Non inflúe no valor</li> <li>- Diminúe o valor</li> </ul>
<b>Combustible da auga quente</b>	<p>Combustible da auga quente:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Individual: gas</li> <li>- Individual: electricidade</li> <li>- Individual: outros</li> <li>- Comunitaria</li> </ul>



<b>Tipo de calefacción</b>	Tipo de calefacción: - Individual: gas - Individual: electricidade - Individual: outros - Comunitaria
<b>LOCAIS COMERCIAIS:</b> Esta información facilitarase para os locais comerciais que sexan elementos dun edificio.	
<b>Fronte (m)</b>	Lonxitude da fronte do local en metros.
<b>Fondo (m)</b>	Lonxitude do fondo do local en metros.
<b>Altura (m)</b>	Altura do local en metros.
<b>Divisibilidade</b>	Indica se o local é susceptible de división: - Si - Non
<b>Superficie en entresollado (m<sup>2</sup>)</b>	Superficie que teña, se for o caso, o entresollado en metros cadrados.
<b>Superficie en soto (m<sup>2</sup>)</b>	Superficie que teña, se for o caso, o soto en metros cadrados.
<b>Tipo de rúa</b>	Indica se o local está situado nunha rúa: - Principal - Secundaria
<b>OFICINAS:</b> Esta información facilitarase para as oficinas que sexan elementos dun edificio.	
<b>Tipo de edificación</b>	Indica se o edificio en que está situada a oficina é predominantemente un edificio de oficinas: - Si - Non
<b>Solo técnico ou falso teito para instalacións</b>	Indica se a oficina conta con solo técnico ou falso teito para instalacións: - Si - Non
<b>Divisibilidade</b>	Indica se o local é susceptible de división: - Si - Non

<b>HOTEIS:</b> esta información facilitarase para os hoteis e hostais.	
<b>Categoría</b>	<p>Categoría do hotel ou hostal:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Hotel de cinco estrelas</li> <li>- Hotel de catro estrelas</li> <li>- Hotel de tres estrelas</li> <li>- Hotel de dúas estrelas</li> <li>- Hotel de unha estrela</li> <li>- Hostal de tres estrelas</li> <li>- Hostal de dúas estrelas</li> <li>- Hostal de unha estrela</li> </ul>
<b>Tipo de destino</b>	<p>Indica o destino predominante do hotel:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Urbano</li> <li>- Vacacional</li> <li>- Outro</li> </ul>
<b>Instalacións</b>	<p>Indica se o activo ten algunha das instalacións para as cales se solicita detalle (salas de convencións ou reunións, restaurante e instalacións deportivas):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si</li> <li>- Non</li> </ul>
<b>NAVES INDUSTRIAIS:</b> Esta información facilitarase para todas as naves industriais (estean ligadas ou non a unha actividade económica).	
<b>Altura libre (m)</b>	<p>Altura existente entre o chan e o teito da nave en metros.</p>
<b>Espazo diáfano</b>	<p>Indica se o espazo interior da nave é diáfano:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si</li> <li>- Non</li> </ul>
<b>Luz estándar de estrutura (m)</b>	<p>Para a largura da nave, é a distancia estándar entre esteos en metros.</p>
<b>Instalacións</b>	<p>Indica se a nave industrial está dotada coas instalacións básicas para a realización de actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si</li> <li>- Non</li> </ul>
<b>Sotos</b>	<p>Indica se a nave industrial ten sotos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si</li> <li>- Non</li> </ul>
<b>Situación</b>	<p>Indica onde está situada a nave industrial:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Na cidade</li> <li>- Nun polígono industrial</li> <li>- Nunha zona illada</li> </ul>

<b>SOLO URBANO E URBANIZABLE</b>	
<b>Tipo de solo</b>	<p>Tipo de solo :</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Solo urbano consolidado</li> <li>- Solo urbano non consolidado</li> <li>- Solo urbanizable ordenado</li> <li>- Solo urbanizable sectorizado</li> <li>- Resto de solo urbanizable</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Solo urbano consolidado: solo clasificado como urbano polo planeamento e con servizos urbanísticos, que permita obter licenza urbanística directa sen necesidade de realizar obras de urbanización nin de tramitar ningún instrumento de planeamento ou xestión urbanística, e non se encontre nalgunha das situacións de solo urbano non consolidado.</li> <li>- Solo urbano non consolidado: solo clasificado como urbano polo planeamento, pero que necesita executar obras de urbanización, ou o planeamento prevé a súa reurbanización ou un cambio de uso, ou precisa equidistribuir beneficios e cargas mediante a aprobación dun proxecto de reparcelación. Adoita estar incluído en unidades de actuación ou execución.</li> <li>- Solo urbanizable ordenado: solo clasificado polo planeamento como urbanizable que conta coa ordenación pormenorizada aprobada definitivamente a través dun plan parcial ou equivalente, de forma que están determinados os usos e parámetros construtivos finais de cada nova parcela.</li> <li>- Solo urbanizable sectorizado: solo clasificado polo planeamento como urbanizable sectorizado ou programado sen que se aprbase o planeamento de desenvolvemento ou ordenación pormenorizada.</li> <li>- Resto de solo urbanizable: solo clasificado como urbanizable non sectorizado ou programado (nas súas diferentes modalidades e denominacións autonómicas) que poden requirir a aprobación dun plan de sectorización ou programa de actuación urbanística (segundo a nomenclatura autonómica).</li> </ul>
<b>Desenvolvemento do planeamento</b>	<p>Fase de desenvolvemento en que se encontra o planeamento urbanístico do solo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Urbanización recibida polo concello</li> <li>- Urbanización finalizada</li> <li>- Proxecto de urbanización aprobado</li> <li>- Planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente</li> <li>- Planeamento de desenvolvemento aprobado inicialmente</li> <li>- Planeamento de desenvolvemento non redactado ou non aprobado</li> </ul>
<b>Sistema de xestión</b>	<p>Forma xurídica pola cal se van desenvolver a urbanización do terreo e, chegado o caso, a súa posterior edificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Licenza</li> <li>- Axente urbanizador ou concerto</li> <li>- Compensación</li> <li>- Cooperación</li> <li>- Expropiación</li> <li>- (Non necesita xestión) Sen xestión</li> </ul>

<b>Fase de xestión</b>	<p>Fase alcanzada na xestión do solo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Parcelas resultantes inscritas</li> <li>- Aprobación definitiva da equidistribución</li> <li>- Aprobación inicial da equidistribución</li> <li>- Constitución de xunta/asociación</li> <li>- Pendente de delimitación de unidade de execución</li> </ul> <p>Indica se a urbanización do solo non se iniciou ou está paralizada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si</li> <li>- Non</li> </ul>
<b>Paralización da urbanización</b>	<p>Porcentaxe da urbanización que se executou respecto do proxecto total de urbanización.</p> <p>Porcentaxe que representa o solo propiedade da entidade (ámbito valorado) sobre o ámbito total de que forma parte.</p> <p>O ámbito total é o conxunto total de terreos da figura asociativa urbanizadora (como son as xuntas de compensación, sectores, programas de actuación urbanística e similares) de que forma parte o solo propiedade da entidade.</p> <p>Indica a proximidade do solo con respecto ao núcleo urbano:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Solo urbano</li> <li>- Solo urbanizable lindeiro con urbano</li> <li>- Solo urbanizable non lindeiro con urbano, pero con infraestruturas de acceso</li> <li>- Solo urbanizable non lindeiro con urbano, sen infraestruturas de acceso</li> </ul> <p>Indica se se dispón dun proxecto para edificar sobre o terreo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si</li> <li>- Non</li> </ul>
<b>Porcentaxe de urbanización executada (%)</b>	
<b>Porcentaxe de ámbito valorado (%)</b>	
<b>Proximidade respecto do núcleo urbano</b>	
<b>Proxecto de obra</b>	
<b>Superficie do terreo (m<sup>2</sup>)</b>	Número de metros cadrados que ten o solo.
<b>PREDIOS RÚSTICOS:</b> Esta información facilitarase para os predios rústicos calquera que for o seu uso.	
<b>Superficie</b>	Superficie total en hectáreas e áreas do predio, así como da destinada a cada unha das seguintes funcións: cultivo de secano, cultivo de regadío, outros usos agrícolas e usos gandeiros. Tamén se facilitará, se for o caso, a superficie construída en m <sup>2</sup> das vivendas e dos edificios para uso agropecuario.
<b>Auga de regadío legalizada</b>	Indica se o predio conta con auga de regadío legalizada:
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Si</li> <li>- Non</li> </ul>
<b>Enerxía eléctrica</b>	Indica se o predio conta con enerxía eléctrica:
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Si</li> <li>- Non</li> </ul>

<b>Acceso a infraestruturas viarias</b>	Indica se se pode acceder directamente ao predio desde infraestruturas viarias: - Si - Non
<b>Uso actual do solo</b>	Indica o uso actual do solo: - En explotación - Resto
<b>Aproveitamento esperado</b>	Indica se a entidade considera o predio con expectativas urbanísticas: - Si - Non
<b>EDIFICIOS E SOLO URBANO E URBANIZABLE:</b> Esta información facilitarase para os activos que sexan edificios (naves industriais, hoteis e resto de edificios) incluídos na base de datos cun só código interno de activo que están integrados por varios elementos para os cales non se fixese a división horizontal ou se careza de información detallada de cada unha das unidades que o integran, así como para os solos urbanos e urbanizables.	
<b>Aproveitamento (unidades segundo uso)</b>	Aproveitamento en número de unidades diferentes segundo o uso a que se destinen ou vaian destinar.
<b>Aproveitamento [superficie segundo uso (m<sup>2</sup>)]</b>	Aproveitamento en metros cadrados segundo o uso a que se destinen ou vaian destinar.
<b>D) VALORACIÓN</b>	
<b>ÚLTIMA TAXACIÓN COMPLETA</b>	
<b>Data da última taxación</b>	Data de referencia da última taxación completa dos activos.
<b>Sociedade de taxación/valoración</b>	Código que identifica a entidade que realizou a taxación completa.
<b>Número de taxación</b>	Número que asigne a sociedade de taxación ou valoración á taxación.
<b>Axustada á Orde ECO/805/2003</b>	Indica se a última taxación completa cumpre coa Orde ECO/805/2003: - Si - Non

<b>Método de valoración (valor)</b>	<p>Método e valor utilizado para determinar o valor de taxación do ben conforme o disposto na Orde ECO/805/2003:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Método do custo <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valor de substitución neto</li> </ul> </li> <li>b) Método residual <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valor residual dinámico</li> <li>- Valor residual estático</li> </ul> </li> <li>c) Método de comparación <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valor por comparación</li> </ul> </li> <li>d) Método de actualización de rendas <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valor por actualización de rendas de inmobles ligados a unha explotación económica</li> <li>- Valor por actualización de rendas de inmobles con mercado de alugamentos</li> <li>- Valor por actualización de rendas doutros inmobles en arrendamento</li> </ul> </li> <li>e) Outros métodos <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valor máximo legal</li> <li>- Valor catastral</li> <li>- Outro criterio</li> </ul> </li> </ul> <p>Cando concorran diversos métodos para valorar un mesmo inmovible, indícarase só o valor que predomina na determinación do valor de taxación.</p>
<b>Condicionantes</b>	<p>Indica se na última taxación completa existe algún condicionante dos mencionados no artigo 10 da Orde ECO/805/2003:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si</li> <li>- Non</li> </ul>
<b>Advertencias</b>	<p>Indica se na última taxación completa existe algunha advertencia das mencionadas no artigo 11 da Orde ECO/805/2003:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si</li> <li>- Non</li> </ul>
<b>Visita</b>	<p>Indica se na última taxación completa se efectuou unha visita ao inmovible:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si</li> <li>- Non</li> </ul>
<b>Tipo de datos utilizados de inmobles comparables</b>	<p>Indica a fonte maioritaria dos datos de inmobles similares (comparables) que se utilizaron na última taxación completa:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Transaccións recentes</li> <li>- Datos de oferta</li> </ul>
<b>Tipo de actualización</b>	<p>Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, tipo de actualización utilizado no seu cálculo, definido como a rendibilidade media anual do proxecto, sen ter en conta o financiamento alico, que obtería un promotor medio nunha promoción das características da valorada.</p>
<b>Taxa anual media de variación do prezo de mercado do activo</b>	<p>Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, taxa anual media de variación do prezo de mercado do tipo de activo que se prevé promover que se utilizase no cálculo do valor de taxación.</p>

<b>Prazo máximo para finalizar a construción</b>	Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, prazo máximo estimado en número de meses para o último fluxo de caixa correspondente á construción ou rehabilitación, incluída, se for o caso, a xestión urbanística e execución da urbanización, que se utilizase no cálculo do valor de taxación.
<b>Prazo máximo para finalizar a comercialización</b>	Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, prazo máximo estimado en número de meses para o último fluxo de caixa correspondente á comercialización que se utilizase no cálculo do valor de taxación.
<b>Marxe de beneficio do promotor</b>	Cando o valor de taxación sexa o valor residual estático, marxe do beneficio do promotor utilizada no cálculo do valor de taxación.
<b>Valor de taxación</b>	Valor de taxación da última taxación completa.
<b>Valor hipotecario</b>	Valor hipotecario da última taxación completa.
<b>Valor en hipótese de edificio terminado</b>	Para os edificios en construción, en rehabilitación ou en proxecto, valor do inmoble en hipótese de edificio terminado que figura no último informe de taxación.
<b>Valor do terreo</b>	Cando o edificio estea en construción, rehabilitación ou proxecto, importe do valor de taxación do terreo sobre o que se está construíndo ou se vai construír o edificio.
<b>Valor para efectos do seguro</b>	Valor para efectos do seguro que figura no último informe de taxación.
<b>ÚLTIMA TAXACIÓN POR MODELOS AUTOMÁTICOS DE VALORACIÓN:</b> Esta información facilitarase cando se realizase unha actualización da última taxación completa do activo utilizando modelos automáticos de valoración.	
<b>Data da última taxación</b>	Data de referencia da última taxación.
<b>Sociedade de taxación/valoración</b>	Código da entidade que realizase a última taxación.
<b>Número de taxación</b>	Número que asigne a sociedade de taxación ou valoración á taxación.
<b>Valor de taxación</b>	Valor de taxación da última taxación.
<b>OUTRAS VALORACIÓNS</b>	
<b>Valor contable bruto</b>	Importe do valor contable do inmoble antes de deducir as correccións de valor efectuadas para a súa cobertura.
<b>Correccións de valor por deterioración de activos</b>	Importe acumulado que, se for o caso, se constitúise para corrír o custo inicial do activo con posterioridade á data en que a sociedade de xestión de activos adquiriu o inmoble.
<b>Valor do terreo axustado</b>	Cando o edificio estea en construción ou rehabilitación integral coa obra parada, importe do valor do terreo máis, se for o caso, o valor da edificación que se considere recuperable, ou menos os custos de demolición se a construción incorporada é irrecuperable.
<b>Valor catastral actual</b>	Valor catastral do inmoble segundo o último recibo do imposto sobre bens inmobles (IBI).
